

BIOLOXÍA 2º BACHARELATO**INMUNOLOXÍA II**

1.- Complete as seguintes frases:

1.1.- A inmunidade que se adquire de xeito espontáneo e natural recibe o nome de inmunidade

1.2.- A inmunidade que se adquire mediante a aplicación de certas técnicas médicas constitúe a inmunidade

1.3.- A transferencia de Ig dende a nai ao feto e ao neno lactante recibe o nome de inmunidade

1.4.- No caso anterior, o feto ou o lactante recibe as Ig a través de

1.5.- A inmunidade que se adquire despois de superar unha doenza infecciosa recibe o nome de inmunidade e é debida a unhas células denominadas

1.6.- O proceso médico de inmunización que estimula a actividade do sistema inmune constitúe a inmunidade

1.7.- Cite 2 vantaxes da inmunidade artificial pasiva:

1.8.- Cite 3 inconvenientes da inmunidade artificial pasiva:.....

1.9.- Cando a substancia que se emprega para lograr a inmunidade artificial pasiva contén unicamente anticorpos específicos falamos de

1.10.- Cando a substancia que usamos na inmunización pasiva é unha mestura de Ig obtidos do sangue dun organismo inmune falamos de

1.11.- Cite 4 doenças infecciosas nas que resulte útil a inmunización pasiva:.....

2.- Diga se son verdadeiras (V) ou falsas (F) as seguintes afirmacións:

____ 2.1.- A inmunización baséase na introdución de antíxenos atenuados nun organismo para provocar o desenvolvemento da memoria inmunolóxica.

____ 2.2.- O principal sistema de inmunización activa é a vacinación.

____ 2.3.- As vacinas estimulan a formación de linfocitos de memoria contra o antíxeno empregado na vacina.

____ 2.4.- Como consecuencia da vacinación prodúcese unha resposta secundaria moi rápida e intensa cando o organismo é exposto ao microorganismo patóxeno.

____ 2.5.- Os programas de vacinación da OMS tiveron un éxito incuestionable e mesmo lograron erradicar doenças coma a varíola.

____ 2.6.- Toda vacina debe ter capacidade inmunoxénica para provocar unha resposta inmune eficaz.

____ 2.7.- Toda vacina debe ser segura e non producir efectos secundarios.

____ 2.8.- Jenner conseguiu inmunizar a seres humanos usando a varíola das vacas, usando unha extracto que denominou vaccinia.

____ 2.9.- Pasteur logrou inmunizar a un ser humano contra a rabia, usando un extracto da médula de animais contaxiados por ese virus.

____ 2.10.- As vacinas que usan microorganismos vivos pero debilitados para producir a inmunización reciben o nome de vacinas inactivadas.

____ 2.11.- Os microorganismos atenuados son patóxenos que se cultivan de xeito que reduzan ou perdan a súa virulencia.

____ 2.12.- As vacinas que usan microorganismos mortos son as vacinas atenuadas.

____ 2.13.- No caos das vacinas inactivadas deben empregarse doses maiores e, moi frecuentemente, deben utilizarse doses de reforzo.

____ 2.14.- As vacinas de xarampelo, poliomielite e rubeola son atenuadas.

____ 2.15.- As vacinas da rabia e difteria son de tipo inactivado.

3.- Defina os seguintes termos:

3.1.- Vacinas acelulares:.....

3.2.- Vacinas toxoides:.....

.....

.....

3.3.- Vacinas de antíxenos aillados:.....

.....

.....

.....

3.4.- Vacinas antiidiotípicas:.....

.....

.....

.....


.....

BIOLOXÍA 2º BACHARELATO

4.- Indique brevemente como se obteñen as vacinas antiidiopáticas. Que vantaxes teñen estas vacinas fronte aos outros tipos?

6.7.- Indique que representa o esquema e que relación ten coas inmunodeficiencias adquiridas:

.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....



5.- Que tipo de vacina acelular se usa nos casos indicados:

Doenza	Vacina acelular de tipo
Difteria	
Papiloma humano	
Malaria	
Rabia	
Tétanos	

6.- Conteste brevemente ás seguintes cuestiós:

6.1.- Que é a inmunodeficiencia?.....

6.2.- Cite dúas inmunodeficiencias conxénitas que afecten ás defensas inespecíficas:.....

6.3.- Cite 2 inmunodeficiencias conxénitas que afecten ás defensas específicas:.....

6.4.- Que doença ligada ao cromosoma X impide a produción de Ig por parte dos linfocitos B?.....

6.5.- Que doença afecta á función dos linfocitos T, porque o individuo carece da glándula timo?.....

6.6.- Que son as inmunodeficiencias adquiridas? Cite un exemplo.....

6.8.- Indique as vías de contaxio do SIDA?.....

6.9.- Que células do sistema inmune son hospedadoras do VIH?.....

6.10.- Que importancia ten a proteína CD4 no desenvolvemento do SIDA?.....

6.11.- Cal é a función da retrotranscriptasa ou transcriptasa inversa que contén o VIH?.....

6.12.- Que tipo de ácido nucleico ten o VIH?.....

6.13.- Cal é o destino do ADN bicatenario que produce a retrotranscriptasa do VIH?..

6.14.- Que nivel de linfocitos T4 se considera indicativo dunha inmunodeficiencia moi grave?.....

6.15.- Que é unha infección oportunista?.....

6.15.- Que é o sarcoma de Kaposi?.....

6.16.- As combinacións de fármacos usados contra o VIH non curan, pero retardan a progresión do SIDA; a que 3 niveis actúan eses fármacos na actividade do VIH?.....

.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....

6.17.- Cite os métodos más axeitados para a prevención do SIDA?.....

.....
.....
.....
.....
.....

7.- Defina os seguintes termos:


7.1.- Hipersensibilidade:

7.2.- Hipersensiblidade anafiláctica ou de tipo I:

7.3.- Alérxeno (cite algún exemplo):

7.4.- Sensibilización:

8.- Comenta os procesos representados no cadro seguinte, indicando a que tipo de proceso de hipersensibilidade corresponde:
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....



9.- Conteste brevemente:

9.1.- A primeira exposición ao alérxeno na hipersensibilidade de tipo I que tipo de linfocitos activa?.....

9.2.- Que tipo de Ig están implicadas na hipersensibilidade de tipo I?.....

9.3.- A que células se fixan as Ig ás que refire a cuestión 9.2.?.....

9.4.- Que é a desgranulación na 2º contacto co alérxeno na hipersensibilidade de tipo I?.....

.....
.....
.....
.....

9.5.- Que mediadores da inflamación interveñen na hipersensibilidade de tipo I?.....

.....
.....
.....
.....

9.6.- Cite un efecto local e un efecto xeral da acción dos mediadores?.....

.....
.....
.....
.....

9.7.- Que é o choque anafiláctico?.....

.....
.....
.....
.....

9.8.- Que medicamento se usan no tratamento da hipersensibilidade de tipo I?.....

.....
.....
.....
.....

9.9.- Como se acada a desensibilización a un alérxeno mediante inmunoterapia?.....

.....
.....
.....
.....

9.10.- Que é a hipersensibilidade de tipo II ou citotóxica?.....

.....
.....
.....
.....

9.11.- Que é a hipersensiblidade de tipo III?.....

.....
.....
.....
.....

9.12.- Que é a hipersensibilidade de tipo IV ou retardada?.....

.....
.....
.....
.....

BIOLOXÍA 2º BACHARELATO

- 9.13.- Que tipo de hipersensibilidade é a dermatite de contacto?.....
- 9.14.- Que anticorpos interveñen na hipersensibilidade retardada?.....
.....
.....
- 9.15.- Que é a reacción granulomatosa?.....
.....
.....
- 9.16.- En que consiste a proba da tuberculina?.....
.....
.....
- 9.17.- Que son as doenzas autoinmunes?.....
.....
.....
- 9.18.- Cite 3 causas das enfermidades autoinmunes?.....
.....
.....
- 9.19.- Cite 4 exemplos de enfermidades autoinmunes?.....
.....
.....
- 9.20.- Que é o rexeitamento de transplantes?.....
.....
.....
- 10.- Diga se son verdadeiras (V) ou falsas (F) as seguintes frases:
- 10.1.- Os antíxenos responsables do rexeitamento dos transplantes son os autoantíxenos do complexo maior de histocompatibilidade da superficie celular.
- 10.2.- Un ser humano posúe numerosos alelos para a codificación dos MCH.
- 10.3.- Os linfocitos T_c interveñen no rexeitamento de tecidos e células que non posúen os MHC propios do organismo ao que pertencen.
- 10.4.- O mecanismo de rexeitamento de transplantes descansa sobre a inmunidade celular, áinda que tamén poden intervir anticorpos, macrófagos e os

- enzimas do complemento.
- 10.5.- O rexeitamento do transplante pode ser inmediato (hipersensibilidade de tipo II) ou retardado (hipersensibilidade de tipo IV).
- 10.6.- O rexeitamento de órganos retardado é debido a un contacto prolongado con linfocitos T_D.
- 10.7.- Os fármacos inmunosupresores reducen o rexeitamento do órgano transplantado pero favorecen as infeccións oportunistas.
- 10.8.- Os esteroides reducen a acción dos macrófagos no rexeitamento de transplantes.
- 10.9.- A ciclosporina reduce á resposta inmune ao bloquear os receptores das interleucinas.
- 10.10.- Os xemeos univitelinos, ao ser xeneticamente iguais, no experimentan problemas de rexeitamento de transplantes entre eles.
- 11.- Complete as seguintes cuestións:
- 11.1.- Unha división descontrolada de células formando masas celulares co metabolismo alterado e con capacidade para invadir outros tecidos constitúe
- 11.2.- A invasión de tecidos veciños por células tumorais chámase.....
- 11.3.- Os tumores con crecemento limitado chámense tumores e un exemplo deles son os
- 11.4.- Os tumores con capacidade de crecemento ilimitado e capaz de invadir outros órganos e tecidos chámense
- 11.5.- As defensas inespecíficas fronte ás células tumorais son debidas a..... e células
- 11.6.- As células inmunitarias producen substancias citotóxicas con capacidade antitumoral, como o factor
- 11.7.- As defensas específicas fronte aos tumores son debidas aos linfocitos
- 11.8.- Na loita contra os tumores, a función dos linfocitos T_H é
-
- 11.9.- Ademais da inmunidade celular, na loita contra os tumores tamén se activa a inmunidade e os enzimas da vía clásica de
- 11.10.- A teoría segundo a cal o sistema inmunitario elimina ás células perigosas antes de que se dividan masivamente recibe o nome de
- 12.- Cite 3 possibles mecanismos que permitan ás células cancerosas eludir as defensas do sistema inmune e provocar un cancro:
.....

13.- Cite as técnicas clásicas de tratamiento do cancro:

14.- En que consiste a inmunoterapia antitumoral:
